

**PUBLICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DO CONCELLO DE MELIDE (04/06/2025)
SOBRE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DOS
INMOBLES NOS QUE SE DESENVOLVAN, TOTAL E EXCLUSIVAMENTE,
ACTIVIDADES AGRARIAS, GANDEIRAS OU FORESTAIS PERTENCENTES AO
SECTOR PRIMARIO A EFECTOS DA BONIFICACIÓN DO IBI.**

En sesión ordinaria celebrada polo pleno da corporación municipal do Concello de Melide de data 4 de xuño de 2025, adoptouse o seguinte acordo:

“PRIMEIRO. – Ditaminar favorablemente, con efectos nos períodos impositivos 2026 e seguintes, a declaración de especial interese ou utilidade municipal das actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario que se desenvolven no inmovible abaixo referenciado por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifican tal declaración:

Nº REXISTRO/ DATA SOLCITUDE	NIF/CIF	SUXEITO/S PASIVO/S	REFERENCIA CATASTRAL	GRAO DE AFECC IÓN	BONIFIC ACIÓN (%)
1630 (15/04/2025)	***0862**	JOSÉ RAMÓN PARRADO LOUZAO	15047A501009070000FX	Total	95

SEGUNDO.- Dar traslado do respectivo acordo ao departamento de intervención municipal do Concello de Melide.

TERCEIRO.- Dar traslado do respectivo acordo ao servizo de xestión tributaria da Deputación da Coruña.

CUARTO.- Publicar o contido do respectivo acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Melide aos efectos oportunos”.

Publicándose o dito acordo aos efectos oportunos, sendo que é definitivo na vía administrativa e que contra el poderase formular un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á presente publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña na forma prevista pola Lei reguladora da dita xurisdición, do 13 de xullo de 1998. Tamén poderase interpor, con carácter potestativo e previo ao expresado recurso contencioso-administrativo, un recurso de reposición ante o órgano que ditou esta resolución no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación do presente acordo, en cuxo caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo se non é dentro dos prazos fixados pola mencionada lei, dende que lle sexa notificada a resolución expresa ou dende que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto; esta desestimación presunta producirase se transcorre un mes se que se ditase e notificase a resolución do recurso de reposición. Porén, advírtese que se poderá utilizar calquera outro recurso se así se cre conveniente.

Melide, 5 de xuño de 2025

O alcalde,

José Manuel Pérez Penas

Documento asinado electronicamente.